

as OUTRAS PUBLICACIÓNS

*... falase somente do tino aloumiñante, namorado,
cheo de aprensión e respetos, do a modiño que se ha
collel-a pruma na man para escribil-a nosa lingua
limpamente, sin botala de perda nin derramala.*

(V. Taibo. Prólogo en *Da Agra Aberta*)

A patria de Victoriano Taibo era, sen dúbida, a súa lingua, a lingua galega que tanto amou e que tanto traballou sabéndoa tan necesitada *do achego das nosas almas e do agarimo dos nosos labios namorados*. Foi ela o motivo principal das súas inquedanzas intelectuais e non se conformou con coñecela a fondo e usala maioritariamente nas relacións persoais e nos escritos. A profunda convicción de que *a minsión do literato galego é devolver ô seu país a súa propia fala, todo o arrequentada que se queira, con todol-os neoloxismos e tecnicismos qu'a ela lle conveñan; pero limpa e escorreita, axeitada para as xurdías angueiras do sentimento e do intelecto*, este convencemento, dicía, que o acompañou toda a vida, levouno a procurar o enriquecemento e fixación do galego para que recuperase o seu posto natural de par entre as outras linguas latinas.

Victoriano Taibo foi monolingüe en galego nos libros que nos legou, tanto editados como inéditos, valiosa achega posta de manifesto noutras páxinas deste volume. Sen embargo na súa obra espallada en infinidade de medios galegos e do exilio conta con non poucos artigos en castelán, pagando así o prezo que a época e as circunstancias impuñan a quen quixesen colaborar en xornais e revistas. Pero unha ollada ás publicacións en prosa e prensa infórmanos inmediatamente de dúas cousas: primeira, que os escritos en galego son tamén abundantes, e segunda, que os temas tratados están na súa inmensa maioría relacionados coa lingua, a cultura ou os persoeiros galegos, e que a súa teima vital de fortalecemento do idioma ten importante presenza¹. Non ocorre o mesmo coas colaboracións en verso, coa poesía, esa manifestación das esencias íntimas que reflicte con maior veracidade a alma do escritor; neste eido o monolingüismo en galego é practicamente absoluto².

Quíxenme demorar nestas reflexións un tanto divagadoras porque canto máis afondo na

vida e na obra deste comprometido hortelán da lingua que non só replanta e rega senón que, ademais, coloca sólidos arxóns para guiar e fortalecer o cultivo, canto máis afondo, digo, menos entendo que no elenco dos homenaxeados coa dedicación dun día das letras galegas, algúns deles, na miña opinión, con menos credenciais, non figure o nome de Victoriano Taibo. É xa hora de emendar este esquecemento crónico e repoñer no lugar da paisaxe cultural galega que lle corresponde este vinculeiro do rexurdimento que acrecentou con agarimo o herdo recibido.

Cando no título falo doutras publicacións refírome, naturalmente, aos compoñentes da obra do autor que non foron recollidos e editados en forma de libro. Entre eles, os poemas que el organizou en dous volumes e que non acadaron o beneficio do prelo son xa amplamente tratados nesta revista pola autoridade de Armando Requeixo. Quedan, pois, por citar a súa extensa produción recollida en prensa, as inclusións en antoloxías e o que poderíamos chamar, seguindo a pauta usada por Alonso Montero, as publicacións privadas.

Victoriano Taibo colaborou dende os primeiros anos do século pasado en diversos xornais e revistas de Galicia, España e América e continuou facéndoo ata pouco antes do seu falecemento. Suman en total preto de medio cento de cabeceiras. No ano 1913 temos constancia dunha publicación en prensa, talvez a primeira, un poema dedicado a Manoel Posse Rodríguez titulado “O camiño d’a y-alma boa”, e en xuño de 1965 aparece na *Hoja del Lunes* o seu traballo, quizais a derradeira publicación, *Vigo, capital española de la pesca*, que asinou co pseudónimo Victor da Algalia.

A cantidade de revistas que acollían os seus poemas e artigos era, como queda dito, enorme. E a súa calidade, a calidade destes soportes mediáticos, ponse de manifesto nunha rápida ollada á listaxe das cabeceiras colecciónadas no



arquivo familiar³ que con tanto celo e agarimo conservan a filla e o xenro e que con tanta amabilidade e cooperación nos ofreceron. Títulos tan importantes, pola tiraxe ou pola densidade literaria, como *A nosa terra*, *Alfar*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *El Pueblo Gallego*, *La Noche*, *Sonata Gallega*, *Vida gallega*, *Galicia Emigrante*, *Ronsel*, *Nós* ... En moitas delas tivo unha presenza ocasional, pero publicou asiduamente nalgunhas das máis valoradas, o que indica recoñecemento e prestixio. Así podemos pescudar polo menos 53 colaboracións en *A Nosa Terra*, 41 en *Vida Gallega*, 18 en *La Noche*, 16 en *Céltiga*...⁴

Diciamos que esta actividade ininterrompida era indicativa de que o autor gozaba de prestixio e recoñecemento no panorama cultural



do seu *encomio*, como por outra banda se pon de manifesto polo nomeamento para académico apadriñado por perseiros da talla de Otero Pedrayo, López Cuevillas ou Eladio Rodríguez. Outro sinal importante era o requirimento da súa presenza no lanzamento de revistas que viron a luz en vida de Taibo. Así podemos pescudar colaboracións súas nos primeiros números de *Maruxa*, *Labor Gallega* (1913), *La Raza* (1913), *Terra* (1923), *Céltiga* (1924), *Ronsel* (1924), *Terra Gallega* (1944), *Mundo Gallego* (1951), *Eufonía* (1958) ... Mesmo unha revista uruguaia, *Ecos da Terra* (1981), que naceu varios anos despois do seu falecemento inclúe no primeiro número un traballo do noso autor.

Dentro deste apartado de colaboracións en prensa debemos incluír os seus traballos nun medio especial pero con moita repercusión popular, xa que alcanzou durante moito tempo unha tiraxe anual de 50.000 exemplares e era consultado con frecuencia ao longo dos doce meses da súa vixencia. Estámonos a referir a *O gaitero de Lugo*, calendario agrícola tradicional que acompañou sempre aos nosos labregos e aos lectores *cursidosos* dende 1857, cunha paréntese silenciosa entre 1973 e 1996.

A poesía de Taibo está tamén presente nas principais antoloxías aparecidas en vida do autor e nalgunhas posteriores⁵. Podemos citar a de Álvaro de las Casas de 1939, a de Benito Varela Jácome de 1953 ou as de Fernández del Riego de 1951, 1953 e 1976. Varios poemas seus figuran tamén na *Gran Enciclopedia Gallega* (1989) e nos tomos de Literatura (2000) do ambicioso *Proxecto Galicia*, nunha aposta de Hércules de Ediciones.


Durante un amplo período de tempo da parte central do século pasado era frecuente que algúns intelectuais felicitasen as festas finais do ano con nadais, cuxo formato variaba de tamaño e contido dependendo das intencións do remitente. Consistían en postais ou folletos impresos en pequenas cantidades, as necesarias para felicitarse a amigos e coñecidos, que formaban parte do que demos en chamar publicacións privadas. Algúns deles eran estritamente relixiosos mentres que outros servían para expresar pensamentos que

a censura non permitiría nunha edición pública. Os escritos eran da autoría do remitente, caso máis frecuente entre os poetas, ou seleccións tiradas da literatura clásica española ou galega. E levaban unha ilustración apropiada, xeralmente feita por un artista amigo do editor. Unha interesante colección e estudo desta actividade literaria pódese ver na revista, correspondente ao ano 2007, *Madrygal*, que publica a Universidade Complutense, nun artigo asinado por Xesús Alonso Montero co título *O nadal nas letras galegas (1940-1979)*.

Victoriano Taibo non podía ser alleo a esta corrente e nela se somerxeu ou, polo menos, mollou os pés, pois, aínda que é esta unha análise superficial e urxente, non parece que fixese máis que o que imos comentar. Este exemplar, que reproducimos en facsímile, é propiedade de Xesús Alonso Montero, a quen agradecemos a desinteresada e valiosa colaboración que nos brindou⁶. Está datado en 1955, ten o número 77 e vai dirixido a Emilio Soneira Maside, sobriño do pintor Carlos Maside, responsable este da xilografía do documento. O debuxo é do tamén pintor e ilustrador Xohán Ledo, pseudónimo de Ricardo García Suárez, médico de profesión. E foi impreso nos talleres de Faro de Vigo cunha tiraxe de 250 exemplares. Contiña unha panxoliña de Taibo, *Armonías do Nadal*, que publicaría un ano despois na revista *Vida Gallega*.

Cómpre citar aquí, aínda que non se trata dun nadal senón dun recordatorio de primeira comunión, a participación de Taibo, indicativa unha vez máis da súa relevancia cultural, no agasallo que dez poetas lle fixeron á filla de Xosé Ramón Fernández-Oxea (Ben-Cho-Shey), un opúsculo titulado *Ofrenda lírica a Isabel Ramón Algarra no día da súa Primeira Comunión*, asinado en Madrid o 29 de marzo de 1955 por Xosé M^a Álvarez Blázquez, Fermín Bouza Brey, Ramón Cabanillas, Ricardo Carballo Calero, Augusto Casas, José Díaz Jácome, Avelino Gómez Ledo, Ánxel Xohán, Ramón Otero Pedrayo e Victoriano Taibo.

Este recordatorio é o máis salientable en razón ao elenco de persoas que interviñan, tanto na confección como na recepción. Pero non é o único. Hai un, datado en xaneiro de 1929,



dedicado a Francisco Vales Vía en recordo da súa primeira comunión. E en xuño de 1951 dedícalle outro a Amalia López Caxaraville, filla ou neta do xenial e esquecido artista Mareque. Lembranza no día da súa primeira comunión. Ademais, a familia conserva tamén unha folla asinada o día 1 de marzo de 1919 cun poema sen título dedicado a Carmeliña.

Falabamos antes da existencia de dous poemarios, *Cabrinfolas* e *Abicedo*, que Victoriano Taibo organizou en libros manuscritos preparados para seren publicados. Non son os únicos volumes inéditos que saíron do nume e da man do escritor, que non gustaba da máquina de escribir e prefería a vella técnica da pluma e o papel. As obras devanditas foron escritas, xaora, para seren editadas. Pero hai un libriño de edición manual pero coidada, un libro de contos con portada e ilustracións dun debuxante que asina Rial e do que non sabemos máis nada, que Victoriano confeccionou con cariño como exquisito agasallo para un neno, hoxe Conselleiro Técnico do gabinete da Conselleira de

riar

MEDIO	OBSERVACIÓNS
<i>Faro de Vigo</i>	<i>Faro de Vigo</i> é un diario que se publica en Vigo fundado por Ángel de Lema y Marina e que pertenceu a súa familia ata 1986 cando o mercou o empresario canario Javier Moll; ten a súa redacción en Chapela, Redondela e é o decano da prensa galega e española. O primeiro número é do 3 de novembro de 1853 e tiña carácter bisemanal ata que en 1879 se converteu en diario.
<i>Galicia</i>	Revista do Centro Galego de Caracas fundada en 1952.
<i>Galicia</i>	A Habana, 1902-1930. dirixírona consecutivamente Vicente López Veiga, Constantino Horta e Prado e José Benito Cerdeira.
<i>Galicia Emigrante</i>	Bos Aires 1954.
<i>Hoja del lunes</i>	Os luns non saía ningún xornal e, a partir de 1937 da man de Manuel Lustres Ribas, a asociación da prensa viguesa (igual que outras moitas en España) editaba a <i>Hoja del lunes</i> . Deixou de editarse en 1983 cando empezaron a saír á rúa todos os diarios.
<i>Ilustración Gallega</i>	Revista cultural de Vigo que publicou 47 números entre 1911 – 1915.
<i>La Noche</i>	Naceu en Santiago o 1 de febreiro de 1946 como diario da tarde. Pasaría á historia cultural do país polo seu "Suplemento del Sábado", conducido por Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa Couto, que editou quince números entre o 15 de outubro de 1949 e o 28 de xaneiro do seguinte ano.
<i>La Raza</i>	Revista cultural da Habana fundada en 1913.
<i>La Voz de Ortigueira</i>	É un semanario galego en castelán que se publica en Ortigueira. O primeiro número saíu o 4 de xuño de 1916 cun carácter agrarista que mantivo durante os primeiros anos. Continúa existindo.
<i>Labor Gallega</i>	A Habana, 1913. Voceiro das Sociedades Galegas de Instrución, creadas para erguer e soste escolas en Galicia. A revista dirixíaa o ferrolán Juan Vicente Martínez Quelle.
<i>Lar</i>	Revista do Hospital Gallego, Bos Aires
<i>Lar Galicián</i>	Arxentina. <i>Lar Galicián</i> , tirou catro números baixo a dirección de Valvanera I. de Malvárez.
<i>Libredón</i>	Órgano do Centro Galego de Santander.
<i>Logos</i>	Subtitulada revista de cultura relixiosa (1931-36). Editada en Pontevedra por obra de laicos de práctica católica, recolleu nas súas páxinas o pensamento teolóxico, litúrxico e pastoral dun grupo de cregos e leigos. Tivo, ademais, importantes colaboracións literarias.
<i>Maruxa</i>	Semanario Escolar Compostelán.
<i>Mundo Gallego</i>	<i>Mundo Gallego</i> (Bos Aires, 1951-52) foi unha iniciativa publicista galega e cultural emprendida conxuntamente por Eliseo Alonso, Xosé Conde e Teodoro Campos. Callou unicamente en catro números que dedicou, respectivamente, á lembranza de Rosalía, Curros, Castelao e Valle-Inclán.
NÓS	<i>Nós</i> foi unha revista publicada en galego entre 1920 e 1936 con contidos literarios, lingüísticos, artísticos, etnográficos, filosóficos e de pensamento político. <i>Nós</i> foi impulsada e dirixida por Vicente Risco, quen procurou insistentemente colaboracións de fóra de Galiza co obxecto de lle dar unha dimensión europea. O primeiro número apareceu o 30 de outubro de 1920 en Ourense e aquí se publicarían os primeiros 15, antes de pasar a ter a administración na Coruña e Santiago, na sede da editorial <i>Nós</i> . O enderezo mantívose sempre no domicilio de Vicente Risco. A revista, vencellada ao pensamento nacionalista, pretendía normalizar o uso do idioma e elevalo dos usos orais á alta cultura. Mesmo a publicidade era maioritariamente en galego. Pretendeuse tamén que o seu deseño gráfico axudase a conseguir esa dignificación e a crear unha estética xenuinamente galega, para o que Risco designou a Castelao como responsable artístico.

MEDIO	OBSERVACIÓNS
<i>O gaiteiro de Lugo</i>	É un calendario agrícola de periodicidade anual que se publica na cidade de Lugo dende 1857, aínda que primeiro recibiu o nome de <i>Calendario de Galicia</i> e máis adiante <i>Calendario Gallego</i> , non foi ata 1927 cando adoptou a actual cabeceira motivada polo gaiteiro (dous en anos bisestos) que adornaba a contraportada da publicación xa dende 1862. Fundouno o impresor e activista cultural Manuel Soto Freire e logo en 1889 pasou a mans de Gerardo Castro Montoya, continuando coa publicación o seu fillo, de igual nome, que continuou a numeración e estilo do anterior. Os primeiros números eran case exclusivamente en castelán agás as colaboracións literarias; progresivamente foi aumentando a presenza do galego na publicación e a partir de 1936 por iniciativa de Xosé Filgueira Valverde publicouse integramente en galego, mantendo o monolingüismo durante todo do franquismo. En 1963 Gerardo Castro vendeu o calendario a <i>La Región</i> que o seguiu publicando ata 1973. En 1996 a Deputación de Lugo decidiu retomar a súa publicación. Foi moi popular entre os labregos galegos durante o franquismo e chegou a vender 50.000 exemplares.
<i>O Tío Marcos da Portela</i>	O sete de febreiro de 1876, da man de Valentín Lamas Carvajal, sae á luz na cidade de Ourense a primeira publicación de carácter periódico escrita na súa totalidade en galego: artigos, notas e publicidade. Saiu inicialmente cunha frecuencia bisemanal para pasar rapidamente a aparecer semanalmente. Cun período de silencio entre 1880 e 1883, conseguiu subsistir ata o ano 1889 para volver enmudecer ata 1917 e desaparecer definitivamente en 1919.
<i>Resol</i>	Santiago de Compostela, 1932, dirixida por Arturo Cuadrado, Luís Seoane e Ánxel Fole,
<i>Rexurdimento</i>	Revista publicada en Betanzos entre 1922 e 1923
<i>Ronsel</i>	Revista de arte e literatura fundada e dirixida en 1924 en Lugo por Evaristo Correa Calderón, publicou 6 números de maio a novembro de 1924.
<i>Sonata Gallega</i>	Revista literaria, nace en Pontevedra no inverno de 1944. Da imprenta Peón saían catro números ao ano, un por estación, e estaba dirixida por Ramón Peña, con Celso Emilio Ferreiro como responsable da sección literaria. Pecha en 1952.
<i>Terra</i>	Revista galega de Bos Aires fundada en 1923 por Eduardo Blanco Amor e Ramiro Illa Couto.
<i>Terra a Nosa</i>	<i>El Noroeste</i> foi un xornal que se editou na Coruña entre 1896 e 1919, fundado e dirixido por José Lombardero Franco. Sae á rúa o 31 de decembro de 1896 co subtítulo Diario católico regionalista. Entre 1917 e 1919 publica un suplemento de catro páxinas titulado <i>¡Terra a Nosa!</i> , transformado pouco despois en <i>Biblioteca popular galega</i> . Entre os obxectivos deste novo suplemento estaban, ademais da publicación de obras literarias, facer un compendio de historia e xeografía galegas e unha gramática. Cesa a súa publicación en 1919.
<i>Terra Gallega</i>	Órgano da Xuntanza Nazionalista Galega (A Habana). Un dos seus directores foi Casares Quiroga.
<i>Vida Gallega</i>	Foi unha revista mensual gráfica que fundou Jaime Solá Mestre en Vigo. O primeiro número saíu en xaneiro de 1909 con portada de Castelao e o último en 1938. Na súa segunda etapa, de 1954 a 1963, a revista, da man do seu propietario Xosé Iglesias Presas, editase primeiro en Vigo (ata finais do 56) e logo en Lugo, nunhas condicións sociais e políticas totalmente diferentes. Acadou éxitos sen precedentes, chegando a tiraxes de 70.000 exemplares na primeira etapa e de 30.000 na segunda.

CADRO Nº 2. Colaboracións en prosa

11-09-1914	"Almas gemelas". <i>Gaceta de Galicia</i> .
15-09-1914	"A virxen y-a paisanaxe". <i>Vida Gallega</i> . Número 62. Páxina non numerada.
25-05-1915	"¡Ave! Santiago de Compostela" (Crónicas compostelanas). "La voz de los lares. El Monumento a Rosalía de Castro" (Una circular notable). <i>Labor Gallega</i> . A Habana Año II. Número III. Páxina non numerada.
30-05-1915	"El Deus Fratresque Gallecia". Los himnos gallegos. <i>Vida Gallega</i> . Número 68. Páxina non numerada. REPÍTESE EN: <i>Labor Gallega</i> , A Habana, 10-09-1915. Año II. Número VII. Páxina non numerada.
10-06-1915	"Crónicas Compostelanas. Año Santo. Los Peregrinos". <i>Labor Gallega</i> . A Habana. Año II. Número IV. Páxina non numerada.
00-05-1916	"El patriotismo, los coruñeses y la corrección". Anaco de publicación descoñecida.
15-05-1916	"La escuela normal compostelana. Excursión pedagógica". <i>Labor Gallega</i> . A Habana. Año I. Número I
25-05-1916	"Crónicas compostelanas". Dedicado ao Dr. Vicente Fraiz Andón. <i>Labor Gallega</i> . A Habana Año I. Número 2. Páxina non numerada.
30-06-1916	"Carta de Compostela. Monumento a Rosalía Castro". <i>Labor Gallega</i> . A Habana. Año I. Número 5.
00-08-1916	Boiro. Asociación de Mestres Católicos de Galicia. Certame Literario Pedagóxico. Concesión de "premio" ao traballo presentado a este concurso, co lema "Alalá-Cantares Gallegos".
00-08-1916	Boiro. Asociación de Mestres Católicos de Galicia. Certame Literario Pedagóxico. Concesión de "accésit", ao traballo presentado a este concurso, co tema "Lugar d'a Mera" (Cantigas Gallegas).
15-10-1916	"¡En Santiago hay toros!", dedicado a Xaime Quintanilla. <i>Vida Gallega</i> . Número 76. Páxina non numerada.
20-11-1916	"Toros y crímenes". <i>Vida Gallega</i> . Número 78. Páxina non numerada.
05-12-1916	"Polo médico d'o pobo". <i>A Nosa Terra</i> . Número 3. Páxinas 1-2.
05-01-1917	"A fala no ensino". <i>A Nosa Terra</i> . Número 6. Páxinas 1-2.
15-01-1917	"Heroísmo". <i>Labor Gallega</i> . A Habana. Año II. Número 1. Páxina non numerada. REPÍTESE EN: 00-05-00, anaco en publicación descoñecida.
25-01-1917	"Crímenes y toros". <i>Vida Gallega</i> , Número 81. Páxina non numerada.
10-03-1917	"La voz de los lares. Catalanes y Gallegos. La sardana y la muiñeira". <i>Labor Gallega</i> . A Habana. Año II. Número III. Páxina non numerada.
01-07-1917	"Fala y-estética". <i>Maruxa</i> . Número 14. REPÍTESE EN: <i>A Nosa Terra</i> , 30-08-1917. Números 28-29. Páxinas 5-6.
18-11-1917	"Ramón Cabanillas (<i>Da terra asoballada</i>)". Semanario Escolar <i>Maruxa</i> . Santiago. Año 1 Número 33. Páxina 2.
05-02-1918	"Anduriña". Publicada en <i>La Raza</i> , Santiago. Año I. Número I. Páxinas 6-7.
25-08-1918	"Riqueza e cultura". <i>Céltiga</i> . Año V. Número 88.
28-02-1919	"Curros defensor da fala e da liberdade". Biblioteca Popular Galega. Terra a Nosa, suplemento de <i>El Noroeste</i> . Volume 3. Año I. Páxinas 39-40.
00-03-1919	"Andrés Salas". <i>La Voz de Ortigueira</i> . Número 146. Anaco.
10-01-1920	"Año novo...". <i>A Nosa Terra</i> . Número 110. 1ª páxina. Dedicado a Pepe Prada Lousada.
05-12-1920	"¡Somos tristes!". <i>A Nosa Terra</i> Números 131-132. Páxina 3.
15-02-1921	"Tiligras post-electoraes". <i>A Nosa Terra</i> . Número ?. Páxinas 3-4.
28-02-1921	"En col do arredismo". <i>A Nosa Terra</i> . Número 135. 1ª Páxina.

31-03-1921	"O rousiñol da saudade". <i>A Nosa Terra</i> . Número 137. Páxina 2.
01-07-1921	"Non hai muito..." (Sen título). Sección: Con Ferreñas e Pandeiro. <i>A Nosa Terra</i> . Número 143. Páxinas 1-2.
15-07-1921	"¡Gallegadas!". <i>A Nosa Terra</i> . Número 144, Páxina 3.
25-07-1921	"Patrias irmãs". Xornal <i>A Aurora do Lima</i> - Viana do Castelo (Portugal).
00-00-1922	"O ideal na escola galega". Sociedade de Instrución Puente de Mera. Memorando número 10. Páxina non numerada.
00-12-1922	"Imeldo Corral". Catálogo da exposición no Liceo Recreo Ourensano
01-07-1922	"Política e flamenquismo". <i>A Nosa Terra</i> . Número 166. Páxinas 1-2.
01-01-1923	"Prosa". <i>Nós</i> . Número 15. Páxina 4-5.
01-02-1923	"A Patria". <i>Rexurdimento</i> . Páxina 7.
	REPÍTESE EN: <i>Abrente</i> . Revista Galega de Galicia. Bos Aires, 00-00-1940. Páxina 8.
00-03-1923	"A fala no ensino". <i>Rexurdimento</i> . Páxina 5. Difire do publicado en 05-01-1917, en <i>A Nosa Terra</i> .
25-06-1923	"O Costume". <i>Terra</i> . Bos Aires. Ano I. Número 1.
	REPÍTESE EN: <i>A Fouce</i> , 01-06-1930. Número 13. Páxina 11.
01-01-1925	"Nadal - Aninovo". Anaco de publicación descoñecida.
00-00-1925	Sanatorio Marítimo Nacional de Oza. Folleto en castelán "Por qué vine al sanatorio" e "Salutación al Sr. Conde de Vallellano".
01-07-1926	"No Circo de Artesáns". Conferencia e lectura de poesías por Victoriano Taibo. <i>A Nosa Terra</i> , Número 226. Páxinas 2, 3 e 4. O discurso parece que nunca foi publicado, polo menos neste semanario. Ollar data 00-06-1924.
01-09-1927	"Fogar e Patria". <i>A Nosa Terra</i> . Número 240. Páxinas 8-9.
01-01-1928	"O cego que veu". Sección: Con ferreñas e pandeiro. <i>A Nosa Terra</i> . Número 255. Páx. 5, baixo o pseudónimo Damil.
29-03-1928	"I Idioma Gallego". Anaco de publicación descoñecida.
Sen data	"II Idioma Gallego". Anaco de publicación descoñecida.
19-04-1928	"III Idioma Gallego". Anaco de publicación descoñecida.
Sen data	"IV Idioma Gallego". Anaco de publicación descoñecida.
30-04-1928	"La maestra y la escuela mixta". Revista pedagóxica <i>El Maestro Orensano</i> . Número 121. Páxina 1ª.
00-05-1928	"V Lingua galega". Anaco de publicación descoñecida
25-08-1928	"Riqueza e cultura". <i>Céltiga</i> . Bos Aires. Ano V. Número 88. Páxina non numerada.
01-01-1929	Sen título. Sección: Con ferreñas e pandeiro. <i>A Nosa Terra</i> . Número 256. Páxina 5.
	REPÍTESE EN: <i>Céltiga</i> . Bos Aires, 10-03-1929. Humor gallego. Ano VI. Número 101. Páxina non numerada.
01-02-1929	Sen título. Sección: Con ferreñas e pandeiro. <i>A Nosa Terra</i> . Número 257. Páxina 5.
01-03-1929	Sen título. Sección: Con ferreñas e pandeiro. <i>A Nosa Terra</i> . Número 258. Páxina 2, baixo pseudónimo Damil.
01-04-1929	Sen título. Sección: Con ferreñas e pandeiro. <i>A Nosa Terra</i> . Número 259. Páxinas 3-4, baixo pseudónimo Damil.
	REPÍTESE EN: <i>Céltiga</i> . Bos Aires, 25-05-1929. Ano VI. Número 106.
01-05-1929	Sen título. Sección: Con ferreñas e pandeiro. <i>A Nosa Terra</i> . Número 260. Páxinas 3-4, baixo pseudónimo Damil.
25-05-1929	"Humorismo gallego". Con ferreñas e pandeiro. <i>Céltiga</i> . Ano VI. Número 106. Páxinas non numeradas, baixo pseudónimo Damil.

- 01-06-1929** Sen título. Sección. Con ferreñas e pandeiro. *A Nosa Terra*. Número 261. Páxinas 3-4, baixo pseudónimo Damil.
- 01-07-1929** "A miña primeira interviú". *A Nosa Terra*. Número 262. Páxinas 3-4-5-6.
- 25-07-1930** Sen título. Sección: Con ferreñas e pandeiro. *A Nosa Terra*. Número 263. Páxina 5, baixo pseudónimo Damil.
REPÍTESE EN: Con ferreñas e pandeiro. *Céltiga*, mesma data. Ano VI. Números 109/110. Páxina non numerada, baixo pseudónimo Damil.
- 00-07-1934** "Nosa Señora do Portal". *Logos*. Número 43. Páxinas 91,92,93,94,95.
- 00-00-1948** *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Escritos no coleccionados de Rosalía Castro (XI). Textos y documentos. A volta do lar. Fascículo XI. Tomo III. Páxinas 393, 394, 395.
- 01-06-1949** "Gondomar y su primer conde". Xornal *Faro de Vigo*.
- 25-07-1950** "Reivindicando a un crego. Para os biógrafos de Rosalía". Xornal *El Pueblo Gallego*.
REPÍTESE EN: *Galicia Emigrante*, 00-10-1955. Número 14.
- 02-02-1951** Faustino Rey Romero. Proemio "Parola ô comén" para o o seu libro *Doas de Vidro*.
- 00-07-1952** "Hipólito Rodríguez Soto. Pintor-pceta". *Mundo Gallego*. Ano I. Número 3. Páxinas 16-17.
- 00-00-1954** Publica "Lexicografía gallega. Aleixoado, Aleixado, Leixado". Separata de *Cuadernos de Estudios Gallegos* del Instituto Padre Sarmiento de Santiago de Compostela. Fascículo XXVII.
- 00-06-1955** "Suidades no ceo". *Vida Gallega*. Número 670. Páxina 47.
- 00-07-1955** "Eiras en soedade". *Vida Gallega*. Número 671. Páxinas 45, 46, 47.
- 00-09-1955** "Ai d'el, ai d'el!". *Vida Gallega*. Número 673. Páxina 46-50.
REPÍTESE EN: *Da agra aberta*, páxina 49.
- 00-06-1956** "¡Qué nos devuelvan la cofia!". *Vida Gallega*. Número 711.
REPÍTESE EN: Xornal *El Pueblo Gallego*, na nosa lingua. Ano V. Número 1347.
- 14-09-1957** "Compostela, cuna del fútbol". Xornal *Faro de Vigo* ou *La Noche*.
- 00-02-1958** "Elogio incompleto de la chaqueta". *Vida Gallega*. Número 731. Páxinas 8-9
- 00-07-1958** "El Furancho". Temas vigueses. *Vida Gallega*. Número 736. Páxina 10-11.
- 25-10-1958** "En Ortigueira llaman rianxo al mantelo". Xornal *La Noche*. Páxina 13.
- 00-00-1959** "Vigo tiene historia. La Reconquista de Vigo".
- 10-01-1959** "¡Ojo con el diminutivo!". Xornal *La Noche*.
- 00-02-1959** "O decreto". *Vida Gallega*. Números 742-743. Páxina 91.
REPÍTESE EN: *Ecos da Terra* órgano Oficial da Casa de Galicia. Montevideo. Outubro 1983. Año 3. Número 8. Páxina 48.
- 09-02-1959** "Una carta a Amaro Orzán", una carta a. Semanario *Hoja de los Lunes*.
- 28-02-1959** "Ni soma, ni ren. Observaciones sobre la lengua gallega". Xornal *La Noche*.
- 21-03-1959** "Nadiña, anceioso y otros excesos. Observaciones sobre la lengua gallega". Xornal *La Noche*.
- 16-04-1959** "Ténica, téunica, ténnica y técnica. Observaciones sobre la lengua gallega". Xornal *La Noche*.
- 00-05-1959** "Costumbres del Valle Miñor. *O serán*". *Vida Gallega*. Número 746. Páxinas 10,11,12,13.
- 00-07-1959** "Para quién cantou o cucorrei?". (Conto popular). *Vida Gallega*. Número 746. Páxina 75.
- 11-07-1959** "Verba-palabra, parola-palabra, fala-palabra, e ainda mais". Xornal *La Noche*.

00-01-1960	"Ó achar" e "O loro de Bieito Cirolas". Contos gallegos populares. <i>Vida Gallega</i> . Número 754. Páxina 75.
00-04-1960	"Vidas paralelas". Conto popular. <i>Vida Gallega</i> . Número 757. Páxina 75.
00-07-1960	"Sobre el bautismo y paternidad de Rosalía". <i>Vida Gallega</i> . Número 760. Páxina 63-64.
00-12-1960	"O burriño e mail-o porco". (Conto popular infantil). <i>Vida Gallega</i> . Números 764-765. Páxina 105.
00-05-1962	"O rillote". <i>Vida Gallega</i> . Número 790. Páxinas 18-19.
05-09-1962	"Con, de, sobre, tras, verba". Xornal <i>La Noche</i> .
24-09-1962	"Verba y su circunstancia". Xornal <i>La Noche</i> .
23-07-1963	"¿Qué significa ahora en gallego la palabra "ren"?". Xornal <i>La Noche</i> .
26-07-1963	"Eiquí hai un home que pretende saber moito galego". Xornal <i>La Noche</i> .
12-09-1963	Del "verbo d'os arginas" a la "parafusa". I Los Canteros. Xornal <i>La Noche</i> .
19-09-1963	Del "verbo d'os arginas" a la "parafusa". II Los Afiladores. Xornal <i>La Noche</i> .
25-11-1963	"Sobre la avenida de Beatriz". Semanario <i>Hoja de los Lunes</i> .
21-09-1964	"El mundo céltico y la tuna de Carqueixoa", baixo o pseudónimo Victor da Algalia. Xornal <i>La Noche</i> .
29-09-1964	Lexicografía gallega Peirao, peiraos, peirados, peirán. Xornal <i>La Noche</i> .
05-10-1964	"Que lle deixen para as medras". Semanario <i>Hoja de los Lunes</i> .
04-05-1965	"A roda do afilador". Xornal <i>La Noche</i> .
10-05-1965	"Vigo, capital", baixo o pseudónimo Victor da Algalia. Semanario <i>Hoja de los Lunes</i> .
05-06-1965	"Vigo, capital española de la pesca", baixo o pseudónimo Victor da Algalia. Semanario <i>Hoja de los Lunes</i> .
Sen data coñecida	"Noriega Varela". Anaco en publicación descoñecida.
	"Observaciones sobre la lengua"... Anaco en publicación descoñecida.
	"O desejo nazionalista". Anaco en publicación descoñecida.
	"Santiago. Calcomanía compostelana". La rua de Galicia.
	"Gamela o jamela?". Anaco pubricado no xornal <i>El Pueblo Gallego</i> .
	Lingua galega. "Encol". Anaco en publicación descoñecida.
	Lingua galega. "Enxebre". Anaco en publicación descoñecida.
	Lingua galega. "Libre, ceive, ceivar". Anaco en publicación descoñecida.
	Lingua galega. "Palabra, parola". Anaco en publicación descoñecida.
	Lingua galega. "Verba, palabra". Anaco en publicación descoñecida.
	"Noriega Varela". Anaco en publicación descoñecida.
	"Un bo galego". Anaco en publicación descoñecida.
	"Cantares do pobo". Anaco xerocopiado dunha carpetiña de Villar Ponte da Casa da Cultura Galega. Vigo.

CADRO Nº 3. COLABORACIÓNS EN VERSO

-
- 00-00-1913** "O camiño d'a y-alma boa", dedicada a Manoel Posse Rodríguez. Anaco de publicación descoñecida.
REPÍTESE EN: *Vida Gallega*, 25-06-1914. Número 58. 1ª páxina.
-
- 10-11-1913** "A cantiga d'a lembranza". *Vida Gallega*. Número 47. Páxina 2, dedicada a Pepe Puente.
REPÍTESE EN: *A Nosa Terra* 30-05-1917. Número 20. Páxina 3.
O Tío Marcos da Portela, 21-05-1919. Parrafeo. 55. Páxina 3. Titulada "Sol-Por".
Titulada tamén así, no libro "Abrente". Páxina 36. A derradeira estrofa é totalmente diferente:
*D'ista maneira cantaban
Oubindo a nena cantar,
Os vellos, qu'eisí lembraban
Tristuras do seu penar.
Y-eran cantos d'esperanza
Perdidos na lonxidade.
Y-eran cantos de suidade,
De delore e de lembranza
N-unha noite de luar...
-¿Non cantas?- dixeron ô verme pasar
Calado e tristeiro. Mais eu respondín:
-¿Para qué, si cantades vosoutros por min!*
-
- 00-12-1913** "Os pes de María, n'a Conceución". Anaco en publicación descoñecida.
-
- 22-12-1913** "Almas doridas". *Vida Gallega*. Número 49. Páxina non numerada, dedicada a José F. Portal Fradejas.
REPÍTESE EN: *Semanario Ilustrado* 00-00-1915. Sección: Folla enxebre. Páxina 3. Anaco.
O libro *Abrente*, páxina 25, baixo o título "Pombas sen niño".
-
- 31-01-1914** "Inverniza", *Vida Gallega*. Número 51. Páxina non numerada, dedicada a Iñigo Noya Pegito.
REPÍTESE EN: *Labor Gallega*. A Habana, 10-06-1915. Número IV. Páxina non numerada.
A Nosa Terra. 25-03-1919. Número 84. Páxina 5.
O libro *Abrente*, páxina 66, baixo o título "A folla derradeira".
-
- 00-02-1914** "A Rosalía de Castro" e "Cantares pr'a ruada". A Ruada-Coro enxebre pro Rosalía. Anaco en publicación descoñecida.
-
- 15-03-1914** "Moza galega". *Vida Gallega*. Núm. 52. Páxina non numerada, dedicada a Daniel García Barros.
REPÍTESE EN: *Ilustración Gallega*, 15-11-1914. Número 46. Páxina 10.
Labor Gallega. A Habana, 15-01-1917. Ano II. Número 1.
A Nosa Terra. 26-02-1917. Número 11. Páxina 5
Céltiga. 0-01-1925, Número 1.
Anaco. *Folla Enxebre* ou *Miña Terra*, sen data.
Biblioteca Virtual Galega (www.bvg.udc.es)
-
- 20-04-1914** "Consellos". *Vida Gallega*. Número 55. Páxina non numerada.
REPÍTESE EN: *A Nosa Terra*, 25-05-1919. Número 90. Páxina 4, baixo o título "Dous consellos".
-
- 10-08-1014** "¡Amor!". *Vida Gallega*. Número 60. 1ª Páxina.
REPÍTESE EN: Libro *Abrente*, páxina 98, baixo o título "Amore é..."
-
- 15-11-1914** "Rima de perdón". *Vida Gallega*. Número 64. Páxina non numerada.
REPÍTESE EN: Libro *Abrente*, páxina 62.
-

- 05-04-1915** "Espiñas e bágoas". *Estudios Gallegos*. Poetas de hoxe. Número 5.
REPÍTESE EN: *A Nosa Terra*, 30-06-1917. Número 23. Páxina 4.
Maruxa, 15-07-1917. Número 16.
A Nosa Terra, 01-11-1924. Número 206. Páxina 9.
 Parece que tamén se publicou baixo o título "Do reino da dore".
- 20-04-1915** "Trasacordo". *Estudios Galegos*. Lercherías. Número 14.
- 05-08-1916** "Cantigas orixinales". *Vida Gallega*. Número 73. Páxina non numerada.
REPÍTESE EN: Libro *Da vella roseira*, con algunhas pequenas modificacións no texto e na orde.
- 15-12-1916** "A panxoliña". *A Nosa Terra*. Número 4. Páxina 6.
REPÍTESE EN: *Céltiga*, 25-12-1925. Bos Aires. Ano II. Número 24. Páxina non numerada.
Nós, 15-08-1932. Número 104. Páxina 152.
Galicia. Revista do Centro Galego de Caracas, 00-12-1952. Ano I. Número 4. Páxina 7. Fonte Xunta de Galicia.
Vida Gallega, 00-12-1955. Número 676. Páxina 8.
- 25-12-1916** "Cantigas populares". *A Nosa Terra. Os Poetas*. Número 5. Páxina 3.
REPÍTESE EN: *Labor Gallega*, 05-02-1917. Año II. Número 2.
- 05-02-1917** Cuartetos e terceto, sen título. *Labor Gallega*. A Habana. Ano II. Número 2. Coa indicación de: poesía que obtuvo el premio en el tema 3º del Certamen literario pedagógico celebrado en Vigo.
- 10-13-1917** "E foi". *A Nosa Terra*. Número 12. Páxina 5.
REPÍTESE EN: *Vida Gallega*. 01-05-1918. Sen título. Número 100.
 Libro *Abrente* (páxina 56). Páxina non numerada.
- 20-03-1917** "Cántigas populares". *A Nosa Terra*. Número 13. Páxina 3.
REPÍTESE EN: *Eco de Galicia*. A Habana. Número 3. Fonte Xunta de Galicia.
 Centro Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades. Páxina 86 do CD no libro *Ecos de Galicia (1917-1918)*.
- 01-04-1917** "Polo cristal do río". *Maruxa*. Número 1
- 10-15-1917** "Os lobos". *A Nosa Terra*. Número 18. Páxina 3.
REPÍTESE EN: *A Nosa Terra*, 01-09-1923. Número 191. Páxina 5.
- 30-10-1917** "¡Loitadores da terra,..." (sen título). *A Nosa Terra*. Número 35. 1ª páxina.
- 20-11-1917** "Poderán as cadeas..." *A Nosa Terra*. Número 37. Páxina 3
REPÍTESE EN: *A Nosa Terra*, 15-05-1922. Número 163. Páxina 6, dedicada a Lois Peña Novo.
Rexurdimento. 00- 00-1923. Páxina 2.
Terra. Os poetas. 25-07-1923. Número 2.
Céltiga. 10-11-1925. Ano II. Número 21.
A Nosa Terra. 12-10-1935. Número 386. Páxina 1ª.
Alborada. Bos Aires, 00-12-1957. Número 167. Páxina 47.
- 05-01-1918** "Na morte de Luis Porteiro". *A Nosa Terra*. Número 73-74. Páxina 5.
REPÍTESE EN: *Vida Gallega*, 30-12-1918. Número 119.
NÓS, entrega 11, do 19-11-1918. Páxina 44. Fonte: Páxinas do diario da Coruña *El Noroeste*, 00-00-2001. Páx. 40.

Libro *Abrente*, páxina 19.

O Tío Marcos da Portela, 21-11- Número I. Páxina 7.

Casa da Cultura Galega. Vigo. Nunha carpetiña de Villar Ponte hai un anaco de publicación descoñecida contendo esta poesía.

30-03-1918

"Ao niño". *A Nosa Terra*. Número 50 1ª Páxina.

REPÍTESE EN: *Terra Gallega*, 00-11-1921. Año I. Número 1.

Acción Española. México. Xunto con "Trova". 00-00-1924. Publicación dedicada ao Centro Galego de México.

Vida Gallega, 20-01-1924. Número 242. Páxina non numerada.

Libro *Abrente*, páxina 87.

15-04-1918

"A Leandro Pita Romero". *Vida Gallega*. Número 105. Páxina 22

REPÍTESE EN: *Vida Gallega*, 12-06-1922. Número 197. Páxina 24.

O libro *Abrente*, (páxina 41).

31-05-1918

"A onde ides, meus tolos pensamentos". *O Tío Marcos da Portela*. Parrafeo 32. Páxina 5.

10-08-1918

"¡Ao Cume!". *A Nosa Terra*. Número 63. Páxina 3.

21-03-1919

Non te quero... (sen título), dedicado a Carmeliña. Asinada.

REPÍTESE EN: *A Nosa Terra*, 01-07-1926. Número 226. Páxina 5, se ben con algunhas variantes.

21-05-1919

"Sol-por". *O Tío Marcos da Portela*. Parrafeo 55. Páxina 3.

REPÍTESE EN: Libro *Abrente*, páxina 36. Ver data 10-11-1913, baixo o título de "A cantiga da lembranza".

25-07-1919

"A estrada da libertade". *A Nosa Terra*. Número 95. Páxina 5.

REPÍTESE EN: *El Pueblo Gallego*, 01-01-1928. 1ª Páxina.

20-03-1920

"A miña patria é Galicia, a miña lingoa a galega". *A Nosa Terra*. Do album de Tomás Rodríguez. Ortigueira. Número 114. Páxina 9.

16-07-1920

"A la virgen del Carmen". Anaco de publicación descoñecida.

25-07-1920

"Noitébrega". *A Nosa Terra*. Número 124. Páxina 8.

15-04-1921

"Ao bon irlandés". *A Nosa Terra*. Número 138. Páxina 3.

REPÍTESE EN: *Nós*, 05-12-1921. Número 8.

Terra Gallega. 00-03-1922. Ano II. Número 4-5.

30-04-1921

"Avala". *A Nosa Terra*. Número 139. Páxina 8.

REPÍTESE EN: *Lar*. Revista do Hospital Gallego, 25-07-1957. Número 284-285-286. Páxina 28. Xunto con "Místico amor", dedicada esta a Leandro Pita Romero.

ABC, 11-07-1966, xunto con "Ruada" (POST MORTEN)

Nas "repetidas" troca a letra "v" por "b".

31-05-1921

"Rua do misterio". *A Nosa Terra*. Versos novos. Número 141. Páxina 3.

REPÍTESE EN: *Terra*, 25-06-1923. Bos Aires, Ano I. Número I. Páxina 10.

Lar Galicián. 1ª quincena xaneiro. Ano (¿?).

24-06-1921

"Brúa o mar". *Nós*. Número 5. Páxina 13

REPÍTESE EN: *Faro de Vigo*, 21-03-1957. Páxina 3.

- 01-03-1922** "Non son os ollos fagueiros". *A Nosa Terra*. Número 158. Páxina 3.
- 20-04-1922** "As dúas maos". *Nós*. Número 10. (Debuxo de Camilo Díaz Baliño). Páxina non numerada.
REPÍTESE EN: *Céltiga*, 10-11-1926. Ano III, Número 45. En letra manuscrita e asinada.
 Hai unha versión en letra manuscrita do prelo, datada Compostela. Marzal 1922.
- 30-09-1922** "O meniño está no berce..." *A Nosa Terra*. Número 171. Páxina 7.
- 01-11-1922** "Chegou a min un alalá perdido". *A Nosa Terra*. Número 172. Páxina 8.
- 00-00-1923** "Non poderán con nós". *Rexurdimento*.
- 00-10-1923** "Canzón". *Alfar*. Edicións Nós. Revista de Casa América-Galicia. Número 33. Páxina 76. Dedicada a Álvaro Cebreiro.
- 03-02-1924** Catro cantigas (tres do libro "Da vella roseira"). *Galicia* ano 23. Habana. Número 6 Páxina 8.
- 00-00-1924** "Trova". *Acción Española*. México. Publicación dedicada ao Centro Galego de México, xunto con "Ao niño".
- 00-05-1924** "Eu vin fuxir unha estrela". *Ronsel*, Número I. Páxina 12.
- 00-06-1924** "Os mozos van de ruada". *Ronsel*. Número II. Páxina 4.
REPÍTESE EN: *A Nosa Terra* 01-07-1926. Número 226. Inclúese nun artigo titulado "No Circo de Artesanos, conferencia e lectura de poesías por Victoriano Taibo". O poema presenta unha única variante no primeiro verso: "As mozas van de ruada". O suxeito lírico é feminino, como era de esperar, se temos en conta o apóstrofe aos mozos, no terceiro verso. Ollar data 01-07-1926.
- 00-07-1924** "Polo alto do Vedrido". *Ronsel*. Número III. Páxina 8.
- 00-11-1924** "Ai, meu amor!". *Ronsel*. Número VI. Páxina 13.
- 01-04-1925** "Da vella roseira". 14 cantigas deste libro. *A Nosa Terra*. Número 211. Páxina 9.
- 05-06-1926** "Hai que pensal-o!". Anaco de publicación descoñecida. Páxina 2.
REPÍTESE EN: *Céltiga*, 25-10-1926. Bos Aires. Ano III. Número 44. Páxina non numerada.
Lar. Revista do Hospital Galego, Bos Aires, 00-04-1957. Ano XXIII. Números 281-282.
- 01-07-1926** "¡Rite!". *El Pueblo Gallego*. 1ª Páxina.
REPÍTESE EN: *Céltiga*, 25-10-1926. Número 44.
A Fouce, 17-12-1926. Número 4. Páxina 1.
 Biblioteca Virtual Galega (www.bvg.udc.es).
 Os oito primeiros versos deste poema coinciden, aínda que con diferente disposición tipográfica, coa primeira parte de "Dous consellos", publicada en *A Nosa Terra* en 05-05-1919.
- 10-11-1926** "Regueifa". *Céltiga*. Bos Aires. Ano III. Número 45.
- 01-01-1927** "Fonte de saudade". *El Pueblo Gallego*. Páxina 2.
- 24-07-1927** "Cantadeiro como un namorado". *El Pueblo Gallego* - Poetas Gallegos.
- 15-06-1928** "Noivados". *Nós*. Número 54. Páxina 104.
REPÍTESE EN:
Sonata Gallega. 00-12-1946. Número 7, outono-inverno, dedicada a Teixeira de Pascoaes.
Vida Gallega. San Xoan 1960. Número 759.
- 25-07-1928** "Dixo ben e dixo muito" (sen título). *A Nosa Terra*. Número 251. Páxina 17.
- 25-07-1928** "Peneira a vella" (sen título). *El Pueblo Gallego*.

- 15-08-1928** "O viño da alegría" (sen título). *Nós*. Ano X. Núm.56.
- 25-07-1929** "Romances do bon e do mal amor". *El Pueblo Gallego*.
- 30-07-1929** "Só na miña terra". *Vida Gallega*. Número 420. 29-07-1945. Santiago. Mención honorífica nos Xogos Florais de 1944-1945 organizados polo Círculo Mercantil e Industrial.
- REPÍTESE EN:** Anaco dun xornal descoñecido, 23-00-00. Páxina 16, dedicada a Víctor Casas.
- 10-10-1929** "Epigramas". *Céltiga*. Ano VI. Número 115, Páxina non numerada.
- REPÍTESE EN:** "Celebróuse aló en Beade" (sen título). 00-00-1947. *O Gaiteiro de Lugo*. Calendario gallego. Páxina 31.
- 25-11-1929** "Epigramas". *Céltiga*. Ano VI. Número 118, Páxina non numerada.
- 15-12-1929** "Epigramas". *Céltiga*. Ano VI. Número 119, Páxina non numerada.
- 00-07-1932** "Cantar". *Resol*. Xunta de Galicia, edición facsímile. Número 3. Páxina non numerada.
- 00-00-1943** "Troula". *O Gaiteiro de Lugo*. Calendario Gallego. Páxina 31.
- 00-00-1944** "O sapiño". *Sonata Gallega. Estío*.
- 00-00-1944** "Acertou". *O Gaiteiro de Lugo*. Páxina 32.
- 00-00-1944** "Veño dun camiño ledó". *Sonata Gallega. Primavera*.
- 00-10-1944** "Alalá saudoso". *Sonata Gallega*.
- 00-00-1945** "Muiñeira". *Sonata Gallega. Primavera*. Número 5. Páxina non numerada.
- 00-00-1945** "Mareira". *Sonata Gallega. Inverno*. Número 4.
- 00-00-1945** "Matando o tempo". *Sonata Gallega. Estío*. Número 6. Páxina non numerada.
- 00-00-1946** "Ruada". *Sonata Gallega. Extraordinario*. Número 9. Páxina non numerada.
- 28-02-1946** "Berce". *Cartel*. Número 5.
- 00-00-1947** "Cacharelas". Anaco en publicación descoñecida.
- 00-00-1948** "Prendado dos seus feitizos" (sen título). *O Gaiteiro de Lugo*. Calendario Gallego. Páxina 11.
- 00-00-1949** "Lembranza da tecedeira". *Sonata Gallega II. Extraordinario 1949*. Páxina non numerada. Dedicada a Juan Novás Guillén.
- REPÍTESE EN:** *El Museo de Pontevedra*. Ano 1968-1970. Tomo XXII-XXIV.
- 09-12-1949** "Leda d'amor". *La Noche*. Suplemento do sábado. Número 8. Páxina 5.
- 24-12-1949** "Cariña de proia, lua aluarada" (sen título). *La Noche*. Suplemento del sábado. Páxina 7.
- 00-10-1951** "O meu amor". *Mundo Gallego*. Ano 1. Número 1. Páxina 9.
- 25-07-1953** "Velahí vai!..., dedicada a Xosé Ramón Fernández Oxea, arrecadador do *barallete*. *Lar*. Revista do Hospital Gallego. Número 236-7. Páxina 15.
- 00-01-1954** "Dimo c'ós ollos". *Airiños* Número 13. Páxina 20.
- 00-06-1954** "A Santa compañía". *Lar*. Revista do Hospital Gallego. Número 248-249-250. Páxinas 13-14.
- REPÍTESE EN:** *Libredón*. Santander 00-12-1958.
- 00-01-1955** "Romaxe". *Vida Gallega*. Número 2. Páxina 61.
- 00-05-1955** "Morriña" e "O meu soneto". Lembranza-homenaxe no xantar ofrecido polos amigos con motivo da entrega do pergamiño que lle dedican os seus ex-alumnos da escola de Morgadáns, Gondomar, residentes en Montevideo (Uruguai).
- REPÍTESE O PRIMEIRO EN:** *Vida Gallega*, 00-08-1955. Número 672. Páxina 48.

Eufonia, 15-10-1958. Número 1, Páxina 8. Se ben deturpada, dando orixe a una severa carta ao Director da publicación.

Lar, 25-12-1959. Número 302. Páxina 69. Ao final do poema indícase o seguinte: "Reproducida por haber aparecido con erros en outra publicación".

REPÍTESE O SEGUNDO EN: *Lar*. Revista do Hospital Gallego, 25-07-1958. Dos Sonetos. Número 296, 297, 298. Páxina 17, xunto a "Cristiandade".

25-07-1955

"As dúas lendas". *Lar*. Revista do Hospital Gallego. Número 260-61-62. Páxina 20.

29-05-1956

"A Álvaro Cebreiro". Reproducida no libro: O Movemento renovador da arte galega. Álvaro Cebreiro, de Mariano Tudela. Ano 1983.

00-12-1956

"Armonías do Nadal". *Vida Gallega*. Poemas. Número 717. Páxina 16.

25-07-1956

"Almas extranxeiras". *Lar*. Revista do Hospital Gallego. Número 272-73-74. Páxina 10.

REPÍTESE EN: *Ecos da Terra*. Órgano Oficial da Casa de Galicia en Montevideo. 00-07-1981 Ano I. Número I. Páxina 35.

00-04-1957

"Hai que pensalo" I. *Lar*. Revista do Hospital Gallego. Número 281-82. Páxina non numerada.

25-07-1957

"Abala" e "Místico amor". A última, dedicada a Leandro Pita Romero. *Lar*. Revista do Hospital Gallego.

REPÍTESE EN: *Lar*. Números 284-85-86, do 25-07-1957, baixo o título "Sede ardente d'amare".

"Abala" no *ABC*, do 22-07-1966, de Madrid.

00-10-1957

"Bon narís". *Lar*. Revista do Hospital Gallego. Contos vellos. Número 287-288.

00-04-1958

"Este que eu gabo" (sen título). *Vida Gallega*. Dedicada a Ramón Otero Pedrayo. (Semblanza). Número 733. Páxina 63.

00-05-1958

"Estebinho". *Lar*. Revista do Hospital Gallego. Números 293-294-295.

25-07-1958

"Cristiandade" e "O meu soneto". *Lar*. Revista do Hospital Gallego. Dous Sonetos. Números 296-297-298. Páxina 17. A primeira dedicada ao Rvdo P. Xesús César Silva, fundador e director da Cidade dos Rapaces, en Ourense.

00-00-1959

José Veredas. Proemio para o seu libro "Estelas - Poemas".

25-07-1959

"Sol d'agosto na Parameira". *Lar*. Revista do Hospital Gallego. Número 302. Páxina 15.

00-08-1960

"Agora". *Lar*. Revista do Hospital Gallego. Número 304. Páxina 25.

00-01-1961

"Sol criador", "Miñas", "Barcarola", "O meu castelo", "Galicia i a lembranza" e "¡Lus!". *Vida Gallega*. Número 766. Páxina 63.

00-03-1963

"Mareirada". *Lar*. Revista do Hospital Gallego. Número 307, dedicada a Gonzalo López Abente. Cantor do mar de Muxía. Páxina 14.

Sen data coñecida

"A geitosa gaiola" (sen título). Anaco de publicación descoñecida dun recital de poesías. Reunión de Artesanos.

"Nas somas brila" (sen título). Anaco de publicación descoñecida dun recital de poesías. Reunión de Artesanos.

"Sinxelo amor", anaco en publicación descoñecida.

CADRO Nº 4. NÚMERO DE COLABORACIÓNS

REVISTA	Nº DE COLABORACIÓNS			REVISTA	Nº DE COLABORACIÓNS		
	PROSA	VERSO	TOTAL		PROSA	VERSO	TOTAL
<i>A Aurora do Lima</i>	1		1	<i>A Fouce</i>	1	1	2
<i>A Nosa Terra</i>	21	32	53	<i>ABC</i>		1	1
<i>Abrente</i>	1		1	<i>Acción Española</i>		2	2
<i>Airiños</i>		1	1	<i>Alborada</i>		1	1
<i>Alfar</i>		1	1	<i>Cartel</i>		1	1
<i>Céltiga</i>	6	10	16	<i>Cuadernos de Estudios Gallegos</i>	2		2
<i>Eco de Galicia</i>		1	1	<i>Ecos da Terra</i>	1	1	2
<i>El Maestro Orensano</i>	1		1	<i>El Pueblo Gallego</i>	3	6	9
<i>Estudios Gallegos</i>		2	2	<i>Eufonía</i>		1	1
<i>Faro de Vigo</i>	2	1	3	<i>Gaceta de Galicia</i>	1		1
<i>Galicia (Caracas)</i>		1	1	<i>Galicia (A Habana)</i>		1	1
<i>Galicia Emigrante</i>	1			<i>Hoja de los Lunes</i>	5		5
<i>Ilustración Gallega</i>		1	1	<i>La Noche</i>	16	2	18
<i>La Raza</i>	1		1	<i>La Voz de Ortigueira</i>	1		1
<i>Labor Gallega</i>	8	4	12	<i>Lar</i>		16	16
<i>Lar Galicián</i>		1	1	<i>Libredón</i>		1	1
<i>Logos</i>	1		1	<i>Maruxa</i>	2	2	4
<i>Mundo Gallego</i>	1	1	2	<i>Nós</i>	1	7	8
<i>O Gaiteiro de Lugo</i>		4	4	<i>Resol</i>		1	1
<i>Rexurdimento</i>	2	2	4	<i>Ronsel</i>		5	5
<i>Sonata Gallega</i>		9	9	<i>Terra</i>	1	2	3
<i>Terra a Nosa</i>	1		1	<i>Terra Gallega</i>		2	2
<i>Tío Marcos da Portela</i>		4	4	<i>Vida Gallega</i>	19	22	41

CADRO Nº 5. ANTOLOXÍAS E ESCOLMAS

ANO	DIRECTOR EDICIÓN	TÍTULO	POEMAS
1939	Álvaro de las Casas	<i>Antología de poetas gallegos.</i>	Os mozos van de ruada, Rite.
1951	Francisco Fernández del Riego	<i>Manual de historia de la literatura gallega.</i>	Os mozos van de ruada.
1953	Benito Varela Jácome	<i>Poetas gallegos.</i>	Ao niño, Ruada.
1955	Francisco Fernández del Riego	<i>Escolma de poesía galega IV Os contemporáneos.</i>	Abala, Ruada, Brúa o mar, Barcalesas, Cantigas.
1976	Francisco Fernández del Riego	<i>Poesía galega. Do dezanove aos continuadores.</i>	Abala, Barcalesas, O sapiño, Alalá suidoso.
1989		<i>Gran Enciclopedia Galega. Poesía II.</i>	Brúa o mar, Barcalesas, O sapiño, Alalá suidoso.
2000	Darío Villanueva Prieto e María del Mar Pérez Negreira	<i>Galicia Literatura. Tomo XXXII. Proxecto Galicia</i>	Ao niño, Sol criador, O meu castelo, Noitébrega.